



CONTRATO PARA SUBMINISTRO DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS FINANCIADO POLO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NÚMERO 89/2017

Na Casa do Concello de Ames a 22 de maio de 2018

R E Ú N E N S E:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo, que subscribe, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2018.

Doutra parte don Pedro Ignacio de María Castellanos, con NIF 35452633-L, na súa condición de administrador solidario e na representación de Yañez SL con CIF B-15009566 e domicilio social en Viaducto da Rocha, 30 de Santiago de Compostela, para formalizar o presente **contrato de subministro dun “vehículo para distribución de alimentos para colexios”**; e ao obxecto establecen as seguintes **C L Á U S U L A S:**

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Yañez SL o subministro dun “**vehículo para distribución de alimentos para colexios**” no prezo de vinte mil setecentos oitenta e sete euros e noventa e tres céntimos (**20.787,93 €**), , más o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de catro mil cento oitenta e dous euros e sete céntimos (**4.182,07 €**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución do subministro no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- O pago será realizado ao contratista contra certificación do subministro aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- O prazo de entrega da totalidade dos bens será de 1 mes, que contarán desde a formalización do contrato administrativo de subministración dos bens.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **1.039,40.-** euros., mediante ingreso na conta do Concello de Ames con número **ES76 2080 0317 7031 1000 0116** correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. O adxudicatario tamén abooou ó concello **348,48.-** euros (El Correo Gallego) en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación.

6ª.- Prazo de garantía: O prazo de garantía, tanto en pezas como en man de obra, e sen límite de quilómetros, establecese en 4 anos contados a partir da data de sinatura da acta de recepción

7º.- Grautidade de labores de mantemento e revisións periódicas: Durante o período de 4 anos, contados a partir da data de sinatura da acta de recepción, serán gratuitas para o Concello as labores de mantemento e revisións periódicas, tanto no concerniente aos mateais como a man de obra.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación do subministro, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, así como, unha vez conformes, o señor alcalde e adxudicatario de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE

Concello
de AMES

Alcalde de Ames
Rúa das Flores, 12. 15700 Ames
Tel. 981 383 002 - Fax 981 383 002

A SECRETARIA,-

O ADXUDICATARIO,-

Concesionario LCV

981 383 002 - Fax 981 383 002